



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Fraides, en Sesión Ordinaria do mércores 17 de xullo de 2024, aprobou o seguinte ACORDO:

8º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBA “MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL NO CONCELLO DE FRADES 2024”. EXPEDIENTE 2024/C003/00004

Dáse lectura proposta de acordo:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL NO CONCELLO DE FRADES 2024” . EXPTE TEDEC: 2024/C003/000004

Vista a providencia da alcaldía, informe de insuficiencia de medios e memoria xustificativa do contrato, nos que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación da obra “MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL NO CONCELLO DE FRADES 2024”.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a 39.478,25 €, IVE non incluído e que o orzamento de licitación ascende a 47.768,68 IVE incluído, estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación (subxectivos e obxectivos).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, que constan no expediente TEDEC.

Constan informes emitidos pola Secretaría-Intervención municipais.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, sendo polo tanto unha competencia de Alcaldía, se ben consta acordo de delegación na Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas, que rexerá a contratación, por procedemento aberto simplificado con tramitación ordinaria, para a contratación da obra “MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL NO CONCELLO DE FRADES 2024”.

Dispense a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

Segundo.- Autorizar o gasto de 47.768,68 con cargo á aplicación orzamentaria 161 61900 (proxecto de gastos 2024/2/REDAB/1) do Orzamento Municipal 2024, condicionado ao levantamento da condición pola Deputación.

Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público.

Terceiro.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas

Cuarto.- Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente/a: O alcalde- Presidente

Vocales:

- A Secretaria-Interventora municipal
- A Arquitecta municipal
- Concelleiro que teña atribuída a área de Hacienda.

Secretario/a: Pilar Carro Veiras

Os presentes acordos foron adoptado por unanimidade dos membros presentes na Xunta de Goberno Local.

A Secretaria
María Lourdes Castro Pena